

10. Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.
11. Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, básica de residuos tóxicos e perigosos, modificado polo Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, no non derogado pola Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.
12. Orde do 28 de febreiro de 1989, sobre xestión dos aceites usados, modificada pola Orde do 13 de xuño de 1990.
13. Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do medio atmosférico.
14. Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, que desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do medio atmosférico, modificado parcialmente polo Real decreto 1613/1985, do 1 de agosto, polo que se establecen novas normas de calidade do aire no referente a contaminación por dióxido de xofre e partículas, e o Real decreto 717/1987, do 27 de maio, polo que se establecen novas normas de calidade do aire no referente a contaminación por dióxido de nitróxeno e chumbo.
15. Normativa sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ó uso de disolventes en determinadas actividades e instalacións industriais.
16. Todas aquelas normas aplicables que modifiquen ou desenvolvan a normativa anterior.

ANEXO 3

Lista das principais substancias contaminantes que se tomarán obrigatoriamente en consideración se son pertinentes para fixar valores límite de emisións

Atmosfera:

1. Óxido de xofre e outros compostos de xofre.
2. Óxido de nitróxeno e outros compostos de nitróxeno.
3. Monóxido de carbono.
4. Compostos orgánicos volátiles.
5. Metais e os seus compostos.
6. Pos.
7. Amianto (partículas en suspensión, fibras).
8. Cloro e os seus compostos.
9. Fluor e os seus compostos.
10. Arsénico e os seus compostos.
11. Cianuros.
12. Substancias e preparados respecto dos cales se demostrara que posúen propiedades canceríxenas, mutáxenas ou poidan afecta-la reprodución a través do aire.
13. Policlorodibenzodioxina e policlorodibenzofuranos.

Auga:

1. Compostos organohaloxenados e substancias que poidan dar orixe a compostos desta clase no medio acuático.
2. Compostos organofosforados.
3. Compostos organoestánnicos.
4. Substancias e preparados dos que as propiedades canceríxenas, mutáxenas ou que poidan afecta-la reprodución no medio acuático ou vía o medio acuático estean demostradas.
5. Hidrocarburos persistentes e substancias orgánicas tóxicas persistentes e bioacumulables.
6. Cianuros.
7. Metais e os seus compostos.
8. Arsénico e os seus compostos.

9. Biocidas e produtos fitosanitarios.
10. Materias en suspensión.
11. Substancias que contribúen á eutrofización (en particular nitratos e fosfatos).
12. Substancias que exercen unha influencia desfavorable sobre o balance de osíxeno (e computables mediante parámetros tales como DBO, DQO).

ANEXO 4

Aspectos que deben terse en conta con carácter xeral ou nun suposto particular cando se determinen as mellores técnicas dispoñibles definidas no artigo 3.º, tendo en conta os custos e vantaxes que poden derivar dunha acción e os principios de precaución e prevención

1. Uso de técnicas que produzan poucos residuos.
2. Uso de substancias menos perigosas.
3. Desenvolvemento das técnicas de recuperación e reciclaxe de substancias xeradas e utilizadas no proceso, e dos residuos cando proceda.
4. Procesos, instalacións ou método de funcionamento comparables que deran probas positivas a escala industrial.
5. Avances técnicos e evolución dos coñecementos científicos.
6. Carácter, efectos e volume das emisións que se trate.
7. Datas de entrada en funcionamento das instalacións novas ou existentes.
8. Prazo que require a instauración dunha mellor técnica dispoñible.
9. Consumo e natureza das materias primas (incluída a auga) utilizada en procedementos de eficacia enerxética.
10. Necesidade de previr ou reducir ó mínimo o impacto global das emisións e dos riscos no ambiente.
11. Necesidade de previr calquera risco de accidente ou de reduci-las súas consecuencias para o ambiente.
12. Información publicada pola Comisión, en virtude do punto 2 do artigo 16 da Directiva 96/61/CE, do Consello, do 24 de setembro, relativa á prevención e ó control integrados da contaminación, ou por organizacións internacionais.

12996 *LEI 17/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Generalitat de Cataluña e de fixación do alcance e condicións da dita cesión.* («BOE» 157, do 2-7-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española dispón, no seu artigo 156.1, que as comunidades autónomas gozarán de autonomía financeira para o desenvolvemento e a execución das súas competencias, conforme os principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre tódolos españois; é dicir, recoñece a necesidade de que os

ditos entes territoriais contén con recursos propios para faceren efectivas as súas respectivas competencias como consecuencia da propia configuración do Estado das autonomías. Así, entre os recursos antes citados encóntranse os impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado tal e como, expresamente, recolle o artigo 157.1.a) do texto constitucional; co mandato, ademais, dunha regulación, mediante lei orgánica, do exercicio das competencias que recolle o punto 1 do artigo 157 citado.

Constitúe, por tanto, a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA) —recentemente modificada pola Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro, de modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas—, o marco orgánico xeral polo que se deberá rexe-lo réxime de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas. Na referida modificación efectuada na LOFCA incorporouse un novo catálogo de tributos susceptibles de cesión que, aínda que non produce variación respecto ós tributos xa cedidos, si produce, sen embargo, unha importante innovación ó retirar aquelas referencias xenéricas á «imposición xeral sobre as vendas na súa fase retalista» e a «os impostos sobre consumos específicos na súa fase retalista, salvo os recadados mediante monopolios fiscais»; catálogo no que xa figura o novo imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos. Desta maneira a LOFCA incorporou o Acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do 27 de xullo de 2001, o cal aprobou un novo sistema de financiamento autonómico que incide substancialmente no réxime xeral de cesión de tributos.

Ademais, ese marco orgánico xeral viuse completado coa promulgación da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, derogando as ata agora vixentes Lei 30/1983, do 28 de decembro, reguladora da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas —expresamente aplicable ás comunidades autónomas de Andalucía, Extremadura e Castilla-La Mancha—, e Lei 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias, pero derogación que quedará sen efecto para aquelas comunidades autónomas que non cumpran os requisitos do novo modelo de financiamento autonómico. Consecuencia do afondamento no principio de corresponsabilidade fiscal, o sistema de cesión de tributos vese afectado de tal maneira que se amplían as competencias normativas das comunidades autónomas nos impostos cedidos sobre patrimonio, sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns; e no que respecta ó imposto sobre a renda das persoas físicas fixo necesario revisa-lo esquema de atribución de competencias como consecuencia da reforma que o dito tributo sufriu en 1998.

Como xa se apuntou, o novo réxime de cesión de tributos tamén se ve ampliado como consecuencia do xa mencionado afondamento no principio de corresponsabilidade fiscal, no sentido de que se produce a cesión doutros impostos do Estado, pero directamente ligados á asunción de determinadas competencias na xestión dos servizos sanitarios da Seguridade Social. Estes novos tributos cedidos son: imposto sobre o valor engadido; impostos especiais de fabricación sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios, sobre o alcohol e bebidas derivadas, sobre os elaborados do tabaco e sobre os hidrocarburos; imposto sobre a electricidade e imposto especial sobre deter-

minados medios de transporte; e o recentemente creado imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos. Non asume competencias normativas respecto a aqueles impostos nos que os imperativos da Unión Europea fan inviable a dita asunción; estes son, por tanto, IVE e impostos especiais de fabricación harmonizados entre os que non se encontran nin o imposto sobre a electricidade (de inminente harmonización) nin, claro está, o imposto especial sobre determinados medios de transporte.

II

Por tanto, a aprobación do novo sistema de financiamento autonómico fai necesario —en previsión do disposto no artigo 10.2 da LOFCA— volver adecua-lo contido do punto 1 da disposición adicional sexta do Estatuto de autonomía de Cataluña ó novo réxime de cesión de tributos; considerando que o seu punto 2 dispón que o contido da dita disposición se poderá modificar mediante acordo do Goberno coa Generalitat, que será tramitado como proxecto de lei ordinaria.

Así, o Estatuto de autonomía de Cataluña, aprobado pola Lei orgánica 4/1979, do 18 de decembro, regula no punto 1 da súa disposición adicional sexta os tributos que se ceden á Generalitat de Cataluña; o dito punto foi redactado segundo a Lei 31/1997, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión de tributos do Estado á Generalitat de Cataluña e de fixación do alcance e condicións da dita cesión; recollendo, desta maneira, o réxime de financiamento autonómico do quinquenio 1997-2001, en canto ós tributos cedidos. A dita Lei 31/1997 derogou, polo tanto, a Lei 41/1981, do 28 de outubro, reguladora da cesión de tributos á Generalitat de Cataluña.

A lei que agora se promulga procede a adecua-lo contido da dita disposición ó novo réxime xeral de tributos cedidos que se recolle na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, e procede, así mesmo, a regula-lo réxime específico da dita cesión á Generalitat de Cataluña, mediante a adopción das seguintes medidas:

En primeiro lugar, modifícase o contido do punto 1 da disposición adicional sexta do Estatuto de autonomía de Cataluña co obxecto de especificar que se ceden a esta comunidade autónoma o imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial e co límite do 33 por 100; o imposto sobre o patrimonio; o imposto sobre sucesións e doazóns; o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados; os tributos sobre o xogo; o imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial e co límite do 35 por 100; o imposto sobre a cervexa, con carácter parcial e co límite do 40 por 100; o imposto sobre o viño e bebidas fermentadas, con carácter parcial e co límite do 40 por 100; o imposto sobre produtos intermedios, con carácter parcial e co límite do 40 por 100; o imposto sobre alcohois e bebidas derivadas, con carácter parcial e co límite do 40 por 100; o imposto sobre hidrocarburos, con carácter parcial e co límite do 40 por 100; o imposto sobre os elaborados do tabaco, con carácter parcial e co límite do 40 por 100; o imposto sobre a electricidade; e o imposto especial sobre determinados medios de transporte e o imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

En segundo lugar, determínanse o alcance e as condicións da cesión a esta comunidade autónoma ademais de fixa-la atribución de competencias normativas.

Por último, convén prever un réxime transitorio para a cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

Para todo iso, esta lei recolle, no seu articulado, cada unha destas medidas. Así, o artigo 1 modifica o punto 1 da disposición adicional sexta da Lei orgánica 4/1979, do 18 de decembro, recollendo os tributos obxecto de cesión; o artigo 2 fixa o alcance e condicións da dita cesión cunha remisión ó que establece a Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, e regula, así mesmo, a atribución de competencias normativas nos casos que prevé a referida Lei 21/2001; e a disposición transitoria única prevé o réxime transitorio da cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos con efectos desde o 1 de xaneiro de 2002, aínda que a Axencia Estatal de Administración Tributaria continuará coa xestión deles mentres non se produza o traspaso de servicios adscritos ós ditos tributos. Finalmente, en canto ó réxime derogatorio e entrada en vigor, dispónse a derogación da Lei 31/1997, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión de tributos do Estado á Generalitat de Cataluña, e de fixación do alcance e condicións da dita cesión, e dispónse a entrada en vigor da nova lei o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», aínda que producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2002.

Por último, a Comisión Mixta de Valoracións Estado-Generalitat de Cataluña, en sesión plenaria do 19 de febreiro de 2002, aprobou o Acordo de modificación dos tributos cedidos, así como o Acordo de fixación do alcance e condicións da dita cesión.

Artigo 1. *Cesión de tributos.*

Modifícase o punto 1 da disposición adicional sexta da Lei orgánica 4/1979, do 18 de decembro, de Estatuto de autonomía de Cataluña, que queda redactado co seguinte teor:

«1. Cédeselle á Generalitat de Cataluña o rendemento dos seguintes tributos:

- a) Imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial, co límite do 33 por 100.
- b) Imposto sobre o patrimonio.
- c) Imposto sobre sucesións e doazóns.
- d) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- e) Os tributos sobre o xogo.
- f) O imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial, co límite do 35 por 100.
- g) O imposto especial sobre a cervexa, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.
- h) O imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.
- i) O imposto especial sobre produtos intermedios, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.
- j) O imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.
- k) O imposto especial sobre hidrocarburos, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.
- l) O imposto especial sobre os elaborados do tabaco, con carácter parcial, co límite do 40 por 100.

- m) O imposto especial sobre a electricidade.
- n) O imposto especial sobre determinados medios de transporte.
- ñ) O imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

A eventual supresión ou modificación polo Estado dalgún dos tributos antes sinalados implicará a extinción ou modificación da cesión.»

Artigo 2. *Alcance e condicións da cesión. Atribución de facultades normativas.*

1. O alcance e as condicións da cesión de tributos á Generalitat de Cataluña son os establecidos na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

2. De acordo co disposto no artigo 150.1 da Constitución e conforme o previsto no artigo 19.2 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, atribúeselle á Generalitat de Cataluña a facultade de dictar para si mesma normas lexislativas, nos casos e condicións previstos na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

A Generalitat de Cataluña remitirá á Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado os proxectos de normas elaborados como consecuencia do establecido neste punto, antes da súa aprobación.

3. Sen prexuízo das competencias normativas da Comunidade Autónoma no imposto sobre vendas retalistas de determinados hidrocarburos, para colaborar na necesaria homoxeneidade dos procedementos de xestión, liquidación, inspección e recadación, o Estado, de acordo coas comunidades autónomas, poderá establecer con carácter supletorio os aspectos esenciais que deben configurar estes procedementos.

Así mesmo, para facilita-la adecuada aplicación do imposto especial sobre determinados medios de transporte e o imposto sobre vendas retalistas de determinados hidrocarburos, a Administración tributaria do Estado, logo de acordo coas correspondentes comunidades autónomas, poderá realiza-las actuacións de inspección en relación con suxeitos pasivos que realicen operacións no ámbito de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición transitoria única. Réxime transitorio da cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

A cesión efectiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte e do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos produce efectos desde o 1 de xaneiro de 2002, aínda que as funcións inherentes á xestión deles continuarán sendo exercidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria mentres non se proceda, por instancia da Comunidade Autónoma, ó traspaso dos servicios adscritos ós ditos tributos.

Disposición derogatoria única.

Desde o 1 de xaneiro de 2002 queda derogada a Lei 31/1997, do 4 de agosto, de modificación do réxime

9
de cesión de tributos do Estado á Generalitat de Cataluña e de fixación do alcance e condicións da dita cesión.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», aínda que producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2002.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

12997 LEI 18/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da dita cesión. («BOE» 157, do 2-7-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española dispón, no seu artigo 156.1, que as comunidades autónomas gozarán de autonomía financeira para o desenvolvemento e a execución das súas competencias, conforme os principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre tódolos españois; é dicir, recoñece a necesidade de que os ditos entes territoriais contén con recursos propios para faceren efectivas as súas respectivas competencias como consecuencia da propia configuración do Estado das autonomías. Así, entre os recursos antes citados encóntranse os impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado tal e como, expresamente, recolle o artigo 157.1.a) do texto constitucional; co mandato, ademais, dunha regulación, mediante lei orgánica, do exercicio das competencias que recolle o punto 1 do artigo 157 citado.

Constitúe, por tanto, a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA) —recentemente modificada pola Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro, de modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas—, o marco orgánico xeral polo que se deberá rexe-lo réxime de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas. Na modificación efectuada na LOFCA incorporouse un novo catálogo de tributos susceptibles de cesión que, aínda que non produce variación respecto ós tributos xa cedidos, si produce, sen embargo, unha importante innovación ó retirar aquelas referencias xenéricas á «imposición xeral sobre as vendas na súa fase retalista» e a «os impostos sobre consumos específicos na súa fase

retalista, salvo os recadados mediante monopolios fiscais»; catálogo no que xa figura o novo imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos. Desta maneira a LOFCA incorporou, no seu corpo legal, o Acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do 27 de xullo de 2001, o cal aprobou un novo sistema de financiamento autonómico que incide substancialmente no réxime xeral de cesión de tributos.

Ademais, ese marco orgánico xeral viuse completado coa promulgación da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, derogando as ata agora vixentes Lei 30/1983, do 28 de decembro, reguladora da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas —expresamente aplicable ás comunidades autónomas de Andalucía, Extremadura e Castilla-La Mancha—, e Lei 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias, pero derogación que quedará sen efecto para aquelas comunidades autónomas que non cumpran os requisitos do novo modelo de financiamento autonómico. Consecuencia do afondamento no principio de corresponsabilidade fiscal, o sistema de cesión de tributos vese afectado de tal maneira que se amplían as competencias normativas das comunidades autónomas nos impostos cedidos sobre patrimonio, sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns; e no que respecta ó imposto sobre a renda das persoas físicas fixo necesario revisa-lo esquema de atribución de competencias como consecuencia da reforma que o dito tributo sufriu en 1998.

Como xa se apuntou, o novo réxime de cesión de tributos tamén se ve ampliado como consecuencia do xa mencionado afondamento no principio de corresponsabilidade fiscal, no sentido de que se produce a cesión doutros impostos do Estado, pero directamente ligados á asunción de determinadas competencias na xestión dos servizos sanitarios da Seguridade Social. Estes novos tributos cedidos son: imposto sobre o valor engadido; impostos especiais de fabricación sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios, sobre o alcohol e bebidas derivadas, sobre os elaborados do tabaco e sobre os hidrocarburos; imposto sobre a electricidade e imposto especial sobre determinados medios de transporte; e o recentemente creado imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos. Non asume competencias normativas respecto a aqueles impostos nos que os imperativos da Unión Europea fan inviable a dita asunción; estes son, por tanto, IVE e impostos especiais de fabricación harmonizados entre os que non se encontran nin o imposto sobre a electricidade (de inminente harmonización) nin, claro está, o imposto especial sobre determinados medios de transporte.

II

Por tanto, a aprobación do novo sistema de financiamento autonómico fai necesario —en previsión do disposto no artigo 10.2 da LOFCA— volver adecua-lo contido do punto 1 da disposición adicional primeira do Estatuto de autonomía para Galicia ó novo réxime de cesión de tributos; considerando que o seu punto 2 dispón que o contido da dita disposición se poderá modificar mediante acordo do Goberno coa Comunidade Autónoma, que será tramitado como proxecto de lei, sen que teña a consideración de modificación do estatuto.